



CONCELLO
DE NOIA



XXIII CARREIRA PEDESTRE POPULAR DE NOIA

O Concello de Noia coa colaboración do *Clube Atletismo Noia (CAN)* organizaRánn conxuntamente a XXIII edición da súa Carreira Pedestre Popular o **sábado 31 de agosto de 2019** na localidade de **Noia** baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago). Esta proba formará parte do VII CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA e se rexirá polo seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados, haberá unha sola clasificación conxunta. O control técnico das probas estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORÍAS E DISTANCIAS DOS PARTICIPANTES:

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIAS APROX.
CHUPETE*	nados/as en 2015 e posteriores	250 metros aprox.
PITUFO*	nados/as en 2012-2013-2014	350 metros aprox.
SUB 10	nados/as en 2010-2011	1000 metros aprox.
SUB 12	nados/as en 2008-2009	1000 metros aprox.
SUB 14	nados/as en 2006-2007	3000 metros aprox.
SUB 16	nados/as en 2004-2005	3000 metros aprox.
SUB 18	nados/as en 2002-2003	3000 metros aprox.
SUB 20	nados/as en 2000-2001	8 km aprox.
SUB 23	nados/as en 1997-1998-1999	8 km aprox.
SENIOR	nados/as entre 1985 e 1996	8 km aprox.
MASTER 1 MASC/FMNO	nados/as entre 1979 e 1984	8 km aprox.
MASTER 2 MASC/FMNO	nados/as entre 1970 e 1978	8 km aprox.
MASTER 3 MASC/FMNO	nados/as entre 1960 e 1969	8 km aprox.
MASTER 4 MASC/FMNO	nados/as en 1959 e anteriores	8 km aprox.

*As categorías **CHUPETE** e **PITUFO** non son categorías federadas.

3. HORARIO DAS PROBAS

Todos os participantes deberán colocarse na liña de SAÍDA 5 minutos antes do inicio de cada proba, sita a mesma na Alameda de Noia e a carón da Casa do Concello.

HORA	CATEGORÍA
21:00 h	Chupete (250 metros aprox.)
21:07 h	Pitufo (350 metros aprox.)
21:15 h	Sub 10 e Sub 12 (1000 metros aprox.)
21:30 h	Sub 14, Sub 16 e Sub 18 (3000 metros aprox.)
22:00 h	Sub 20, Sub 23, Senior e Máster (8 km aprox.)
23:15 h	ENTREGA DE PREMIOS (ALAMEDA)

4. As **INSCRICIONS DAS PROBAS ESCOLARES (de chupete a sub 18)** realizarase a través da web www.emesports.es rellenando os datos indicados no formulario de inscrición online.

As **INSCRICIONS DA PROBA DE ADULTOS (de Sub 20 a máster)** realizaranse tamén a través da web www.emesports.es. Establecerase un prezo de inscrición de **6 €** por participante que poderán formalizar a través da pasarela de pago na propia web.

O prazo de inscrición rematará o **mércores 29 de agosto ás 23:59 horas**, **NON ADMITÍNDOSE INSCRICIÓN FORA DO PRAZO ESTABLECIDO.**

Os dorsais de competición recolleranse na zona da Alameda, a carón da SAIDA das probas ata media hora antes do inicio de cada proba. Teléfono de información: **981 842 100 e 654 28 56 92 (De Martes a Venres de 09:00 a 15:00).**

Os atletas da categoría sub 18 que desexen tomar parte na proba absoluta (8 km aprox.) deberán comunicalo previamente no correo electrónico santiago@atletismo.gal onde se lle indicará como deben proceder.

5. TROFEOS E PREMIOS EN METÁLICO

Estableceranse os seguintes prêmios:

- Tres primeiros/as clasificados/as masculinos e femininos da proba absoluta (adultos).
- Tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento, tanto masculinos como femininos.
- Tres primeiros/as atletas locais clasificados/as da proba absoluta, tanto masculino como feminino.
- Trofeo para os 3 primeiros clubs da clasificación final.

Os trofeos non serán acumulativos, agás o dos atletas locais.

Na clasificación por clubs puntuarán os **6 primeiros atletas de cada clube**, dándolle 1 punto ao 1º, 2 puntos ó 2º, etc ... o clube que menos puntos acade será o vencedor. O empate resolverase segundo o disposto na normativa da IAFF. Para poder obter a este prêmios os equipos deberán estar federados en atletismo, feito que deberán xustificar así

como a composición de cada equipo, co certificado federativo ou da delegación correspondente no seu defecto remitíndoo previamente ao email santiago@atletismo.gal . Os clubs poderán ser mixtos.

Nas categorías **CHUPETE** e **PITUFO** daranse medalla a todos os participantes. **Non habrá trofeos nestas categorías nin se farán clasificacións.**

PREMIOS EN METÁLICO

PROBA ABSOLUTA (De sub 20 a máster).

PREMIOS INDIVIDUAIS

1º Clasificado: 300 €	1ª Clasificada: 300 €
2º Clasificado: 175 €	2ª Clasificada: 175 €
3º Clasificado: 125 €	3ª Clasificada: 125 €

PREMIOS A CLUBES

1º Clube Clasificado: 200 €
2º Clube Clasificado: 100 €
3º Clube Clasificado: 75 €

Os premios en metálico serán aboados por transferencia bancaria con posterioridade ás probas. Para elo tódolos atletas e clubs gañadores dos mesmos deberán acreditar a súa identidade coa presentación do **DNI**, **CIF**, **carnet de conducir** ou **pasaporte** e deberán aportar o seu nº de conta.

- Os atletas da carreira absoluta correrán cun **CHIP** que lle será entregado no momento da recollida do dorsal. Todo atleta que chega a liña de meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito visible na zona anterior do corpo será automaticamente descalificado.
- Nesta proba a participación de atletas extranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo 3.4. do “REGLAMENTO PARA LAS COMPETICIONES DE CAMPO A TRAVÉS, MARCHA, RUTA, TRAIL Y PISTA 2018-2019”. Máis información de esta norma no ligazón:
http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2019/06_ReglamentoCompeticiones.pdf
- Habrá dous puntos de avituallamento:** un situado aproximadamente a metade de percorrido, e outro situado na liña de meta.
- Habera servizo de duchas no polideportivo municipal de Noia disposición de tódolos atletas ó finalizar as probas. Tódolos atletas que logren concluir a proba recibirán unha camiseta conmemorativa do evento.

10. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

11. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo cos regulamentos da FGA e RFEA en vigor para probas en ruta.

Máis información nas páxinas web:

- www.noia.es
- www.emesports.es
- www.carreirasgalegas.org
- www.atletismogalego.gal